

Actividades “Orixe da vida e evolución”

1. **Como se orixinan novas especies?** Aparición de variedades: o exemplo da *Biston betularia*.

A *Biston betularia* é unha mariposa que serve de alimento a moitas especies de paxaros. Ata 1850 só existía en Inglaterra a variedade clara, cor similar á corteza das árbores sobre as que adoita estar. A partir de 1850, co desenvolvemento industrial e a proliferación das fábricas, a variedade oscura pasou a ser a máis abundante nas zonas industriais, e nas zonas agrícolas continúa sendo a variedade clara.

Como explicas este suceso?



2. **Indica se as seguintes afirmacións fan referencia a teorías fixistas ou evolucionistas:**

- Os seres vivos son inmutables→
- O único que ocorre cos seres vivos é que poden desaparecer →
- Os seres vivos cambian gradualmente orixinando novos seres vivos→
- Sempre existiron os mesmos seres vivos →
- Para adaptarse ás novas condicións do medio, os seres vivos desenvolven estruturas que lle son necesarias →
- Os seres vivos cambian como resposta ás condicións ambientais→

3. Os antecesores dos elefantes non tiñan as trompas longas que os caracterizan. Explica primeiro dende un punto de vista Lamarckista e despois Darwinista a evolución desta característica.



4. A que teorías sobre a orixe da vida fan referencia as seguintes afirmacións?

- A vida xurdiu por procesos fisicoquímicos acontecidos na atmosfera primitiva→
- A vida orixinouse no espazo exterior e chegou á Terra nun meteorito→
- Os coacervados serían os precursores das primeiras células→
- A vida non se orixinou na superficie, orixinouse nos fondos mariños→
- Os seres vivos emerxen da materia inerte como consecuencia dunha forza sobrenatural→

5. A seguinte imaxe fai referencia a dúas teorías que intentan explicar a evolución das especies. Cales? Xustifica a túa resposta

